



PLAN DIGITAL

IES RÍO MIÑO

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

IES RÍO MINO

Rúa Rosalía de Castro, s/n

27370 Rábade – Lugo

Tfno: 982 870652

Dirección correo electrónico: ies.riomino@edu.xunta.gal

Páxina web: iesriomino.gal

No centro impártense as ensinanzas de ensino secundario obrigatorio e bacharelato. Actualmente hay 3 grupos de 1.º ESO e dous grupos de cada un dos niveis 2.º a 4.º de secundaria, un grupo de 1.º Bach e dous de 2.º Bach.

O número total de alumnos/as é de 227 dos que 183 son de ESO e 44 de Bacharelato; o número de profesores/as no presente curso académico é de 34.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES Río Miño é un centro de titularidade pública situado no concello de Rábade, provincia de Lugo, que é, así mesmo, o centro de referencia para a ESO do alumnado dos concellos de Begonte, Outeiro de Rei e Rábade, recibindo tamén algúns alumnos dos concellos de Guitiriz e Cospeito.

Os centros de primaria adscritos a este IES son: o CEIP Laverde Ruíz, de Outeiro de Rei; o CEIP Otero Pedrayo, de Rábade e o CEIP Virxe do Corpiño, de Begonte.

O horario do instituto é de mañá; luns e martes de 8:30 a 15:00, e de mércores a venres de 8:30 a 14:20. Pero fóra deste horario o centro está a disposición da comunidade escolar.

O ximnasio e a pista polideportiva do IES Río Miño están dispoñibles, fóra do horario lectivo, para o concello de Rábade por terse adherido este ao convenio asinado entre a FEGAMP e Consellería de Educación para o uso das instalacións deportivas fora do horario escolar.

Como servicios complementarios do centro conta co servicio de transporte escolar que consta de oito rutas, usadas neste curso por 181 alumnos dos que 150 son de ESO, e 31 de BAC.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa que se aplica no centro en relación co Plan Dixital é a seguinte:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.*
- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.*

1.4. Proceso de elaboración

O Plan Dixital elaborouse no contexto dun Proxecto de Formación Permanente do Profesorado (L2105104) co soporte do equipo ADIX_LU_1. Durante o desenvolvemento do plan contouse coas aportacións do profesorado e resto da comunidade educativa.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Infraestrutura dixital: Conexión de fibra de 1GB, rede Wifi con cobertura en todo o centro.
- Equipamento dispoñible:
 - Aulas dixitais: o 100% das aulas do centro dispón de encerado dixital, proxector e portátil para uso do profesorado. Os equipos son dos anos 2016-2017.
 - 2 Aulas de informática.
 - Aula 1. Dispón de 20 equipos de diversas características dos anos 2016 a2018.
 - Aula 2. Dispón de 17 equipos Lenovo do ano 2016.
 - Aula multiusos con 12 equipos Dell do ano 2006.
 - Xestión e administración: 6 equipos de distintas características dos anos 2016 a 2018.
 - Biblioteca: 3 equipos de distintas características do ano 2016.
 - Uso do profesorado, departamentos, aulas específicas: 25 equipos de distintas características dos anos 2008 a 2016.
 - Ultraportátiles para préstamo ao alumnado: 17 AcerTravelmate do ano 2021.
- Servizos dixitais educativos: páxina web do centro, aula virtual Moodle, Abalarmóbil, aplicacións de Google e Microsoft.
- Xestión do mantemento do equipamento do centro realizada polo coordinador TIC.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		4,3	4,3		
	Profesorado		3,8	3,8		
	Alumnado		---	---		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		3,7	3,7		
	Profesorado		3,4	3,4		
	Alumnado		3,2	3,2		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		4,6	4,6		
	Profesorado		4,0	4,0		
	Alumnado		4,0	4,0		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		4,0	4,0		
	Profesorado		3,7	3,7		
	Alumnado		---	---		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		4,6	4,6		
	Profesorado		3,8	3,8		
	Alumnado		4,1	4,1		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		4,1	4,1		
	Profesorado		3,4	3,4		
	Alumnado		3,6	3,6		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		3,2	3,2		
	Profesorado		2,9	2,9		
	Alumnado		3,4	3,4		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		4,2	4,2		
	Profesorado		3,9	3,9		
	Alumnado		3,8	3,8		

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	16	26	61,5 %
PROVISIONAL	3	5	60 %
INTERINO	1	1	100 %
SUBSTITUTO	1	1	100 %
DESPRAZADO	0	---	---

Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
75	B1	76,5	B1

Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	77,2	B1	79,3	B1
BAC	79,9	B1	77,9	B1

Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	4,8 %
A2	9	42,9 %
B1	7	33,3 %
B2	2	9,5 %
C1	---	---
C2	2	9,5 %
TOTAL	21	100,00%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> Dotación de proxectores e encerados dixitais en todas as aulas. Valoración da infraestrutura e equipamento superior á media. Acceso a contornas virtuais. 	<ol style="list-style-type: none"> Falta de cobertura wifi en algúns espazos do centro. Instalación defectuosa de equipos e encerados dixitais que orixina problemas de desconexión e fallos nos equipos. Dotacións de equipos informáticos que están a quedar desfasadas. Dotacións dispares con equipos de distintas marcas e características.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Emprego habitual de aulas virtuais por gran parte do profesorado. Uso de ferramentas de traballo colaborativo tanto na xestión do centro como na docencia. Puntuación na implementación da pedagogía dixital superior á media. Boa puntuación do DPC A maioría do profesorado se considera competente no uso das TICs. 	<ol style="list-style-type: none"> Falta de tempo para a integración das TICs na aula. Sobrecarga de burocracia na xestión docente.
	PERSOAL NON DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Competente no uso das novas tecnoloxías. Implicado na implantación das novas tecnoloxías na xestión do centro. 	
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> Boa puntuación nas competencias dixitais. Case todo o alumnado ten acceso a dispositivos axeitados para o traballo escolar fóra do centro educativo. 	<ol style="list-style-type: none"> Conexión a Internet de baixa velocidade ou inexistente. Aínda que a maior parte do alumnado considera que pode facer uso de aplicacións educativas na casa sen axuda, considera que non se lle proporcionou información sobre o uso dos dispositivos dixitais.
	FAMILIAS	<ol style="list-style-type: none"> Boa comunicación coas familias. Boa predisposición cara o uso das TICs na aula 	<ol style="list-style-type: none"> Conexión a Internet de baixa velocidade ou inexistente.
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> Uso de ferramentas de traballo colaborativo. Experiencia no uso das TICs Puntuación en liderazgo e colaboración superior a media. 	<ol style="list-style-type: none"> Sobrecarga de proxectos e labores administrativas. Falta de colaboración e intercambio de experiencias con outros centros educativos.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> Posible inversión na dixitalización dos centros. 	<ol style="list-style-type: none"> Falta de interese da administración educativa por coñecer as necesidades reais dos centros. Falta de comunicación cos coordinadores TIC, profesorado e comunidade educativa en xeral. Carga horaria e burocrática que dificulta o proceso de integración das TICs. Improvisación na elaboración do plan dixital.
	LEXISLACIÓN	<ol style="list-style-type: none"> Posible mellora do novo marco lexislativo. 	<ol style="list-style-type: none"> Excesiva carga burocrática na labor docente. Falta dunha lexislación educativa estable.
	CONTORNA	<ol style="list-style-type: none"> Boa relación co Concellos dos centros adscritos. 	<ol style="list-style-type: none"> Contorna de tipo rural, dificultades das familias no acceso a conexións de banda ancha estables.
	ANPA	<ol style="list-style-type: none"> Boa disposición da ANPA para a implementación de estratexias dixitais no centro. 	
	OUTRAS ENTIDADES	<ol style="list-style-type: none"> A gran cantidade de ferramentas e recursos dixitais dispoñibles na rede para os distintos niveis educativos. Interese e inversión das editoriais no desenvolvemento de recursos dixitais. 	<ol style="list-style-type: none"> O exceso de oferta pode dificultar a elección dos materiais e recursos máis axeitados.

3. Plan de Acción

Tendo en conta os recursos recollidos no apartado “Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais” e os resultados que se desprenden da Análise DAFO, os obxectivos de mellora propostos para o curso 2022/2023 son os indicados a continuación.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos están dirixidos a melloras nas áreas de competencias dixitais do alumnado, desenvolvemento profesional continuo e infraestructuras e equipos:

- Obxectivo 1: mellorar o coñecemento do alumnado das ferramentas e recursos didácticos dixitais.
- Obxectivo 2: fomentar o uso das novas tecnoloxías na aula.
- Obxectivo 3: mellorar o coñecemento do profesorado do centro das ferramentas e recursos didácticos.
- Obxectivo 4: modernizar o equipamento das aulas de informática.

Para calquera destes obxectivos espérase acadar un cumprimento do 100% ao remate do curso 2022/2023. Os indicadores, recursos e valoración da acción de cada un deles están recollidos nas táboas incluídas na seguinte sección deste documento.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestructuras tecnolóxicas

- Revisión da instalación dos encerados dixitais. A instalación destes equipos foi moi deficiente, o cableado quedou ao aire en lugar de empregarse canaletas, con cables de lonxitude insuficiente que quedan moi tensos e conectores de escasa fiabilidade. Esta situación é fonte de numerosas incidencias e avarías
- Un mínimo de 15 equipos novos para as aulas de Informática. Actualmente o centro conta cunha sección bilingüe na materia de TIC o que obriga a que, por cuestións organizativas dos grupos de alumnado, sexa preciso impartir esta materia de forma simultánea en dúas aulas. A necesidade de traballar con vídeos e outro material multimedia require de equipos que poidan procesar de forma fluída imáxenes e vídeos, labor para o cal a dotación actual das aulas de informática é insuficiente.

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO						
OBXECTIVO 1:	MELLORAR O COÑECEMENTO DO ALUMNADO DAS FERRAMENTAS E RECURSOS DIDÁCTICOS DIXITAIS. ÁREA HD SELFIE.				Acadado	
Responsable:	DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	A propia elaboración das guías e material audiovisual para o alumnado.					
Valor de partida: (3)	0% de vídeos e guías					
Valor previsto e data: (4)	100% de cursos e guías.			06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Crear un mínimo de 2 vídeos didácticos, realizados e protagonizados polo alumnado do centro, para difundir o uso das ferramentas e recusus didácticos	DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA	06-2023	MATERIAL DE PRODUCCIÓN AUDIOVISUAL		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Elaborar unha pequena guía de uso para o alumando das ferramentas didácticas. En formato PDF e destinada ao alumnado que se incorpora ao centro.	Coordinador TIC	06-2023	Ordenador e procesador de textos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
OBXECTIVO 2:	FOMENTAR O USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS NA AULA. ÁREA D1 SELFIE.				Acadado	
Responsable:	EQUIPO DIRECTIVO				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	% de proxectos de formación ou grupos de traballo no centro.					
Valor de partida: (3)	1 proxecto de formación en centros.					
Valor previsto e data: (4)	Máis dun proxecto de formación.			06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1: Fomentar a participación do profesorado en grupos de traballo adicados á utilización das TIC nas aulas.	Equipo directivo.	06-2023	CFR ou GT Colaborativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	

Área/s de mellora: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
OBXECTIVO 3:	MELLORAR O COÑECEMENTO DO PROFESORADO DO CENTRO DAS FERRAMENTAS E RECURSOS DIDÁCTICOS. ÁREA D2 SELFIE.				Acadado	
Responsable:	COORDINADOR TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	% de cursos creados					
Valor de partida: (3)	0% de cursos elaborados.					
Valor previsto e data: (4)	100% de cursos elaborados.			06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Elaborar un curso de iniciación ás ferramentas didácticas dispoñibles para o profesorado do centro.	Coordinador TIC	06-2023	Ordenador e procesador de textos e espazo na aula virtual.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Elaborar un curso de nivel máis avanzado sobre as ferramentas didácticas dispoñibles para o profesorado do centro.	Coordinador TIC	06-2023	Ordenador e procesador de textos e espazo na aula virtual.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURAS E EQUIPOS						
OBXECTIVO 4: (1)	MODERNIZAR O EQUIPAMENTO DAS AULAS DE INFORMÁTICA. ÁREAS C2 E C8 SELFIE.				Acadado	
Responsable:	EQUIPO DIRECTIVO-COORDINADOR TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO: (2)	NÚMERO DE EQUIPOS DAS AULAS DE INFORMÁTICA ACTUALIZADOS.					
Valor de partida: (3)	0% de equipos sen actualizar.					
Valor previsto e data: (4)	100% de equipos actualizados.			06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Solicitar á Consellería de Educación novos equipamentos para as aulas de informática do centro.	Equipo directivo.	06-2023	Solicitud a UAC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Instalar discos SSD nos equipos non actualizados na acción anterior.	Coordina dor TIC.	06-2023	Discos SSD		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

A avaliación do plan realizárase tanto a través do grado de cumprimento dos distintos obxectivos, como da información recollida entre profesorado e alumnado sobre o impacto dos mesmos nas áreas de mellora.

Avaliación procesual:

- Unha vez ao trimestre revisarase a porcentaxe de cumprimento de cada obxectivo.
- En función da porcentaxe de cumprimento do obxectivo desexado, establecerase se é necesario propoñer algunha modificación ou mellora para o seu cumprimento.

Avaliación final:

Ao remate do curso revisarase:

- A porcentaxe de cumprimento global dos distintos obxectivos.
- Avaliarase, mediante unha enquisa ou calquera outro sistema de recollida de información, o impacto dos obxectivos no profesorado e/ou alumnado implicados no seu desenvolvemento.

En caso de que o grado de cumprimento sexa o 100% propoñeranse novos obxectivos que den continuidade ao mesmo ou ben novos obxectivos nunha área de mellora diferente. Se, pola contra, o grado de cumprimento é inferior ao 100%, estableceranse as medidas necesarias para a súa consecución despois de avaliar as causas que dificultaron a mesma.

5. Difusión do plan

O centro facilitará o acceso ao plan dixital a través da súa presentación ao claustro de profesorado, aos membros do consello escolar e a través da publicación do mesmo na páxina web do centro.